



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO BORREIRO, NOS CONCELLOS DE CERCEDO-COTOBADA, A ESTRADA E FORCAREI (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POR NATURGY RENOVABLES, S.L.U. (CLAVE: 2023/0002).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, de 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe.

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece, no seu artigo 7.1.a) que os proxectos comprendidos no seu anexo I someteranse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Entre os proxectos que figuran no dito anexo I atópanse, no grupo 3.i), os parques eólicos que teñan 50 ou máis aeroxeradores, ou que teñan máis de 30 MW ou que se atopen a menos de 2 Km de outro parque eólico en funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental.

Este sería o caso da actuación pretendida, dado que o parque eólico proxectado se situará a menos de 2 Km doutros parques eólicos en fase de explotación.

Considerando o anterior, o proxecto someteuse ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria e, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a correspondente declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co disposto no artigo 41 da dita Lei 21/2013.

1.-INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO.

1.1-Promotor e órgano substantivo.

O promotor do proxecto é Naturgy Renovables, S.L.U. e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

1.2.-Antecedentes, obxecto do proxecto, descrición e localización.

O 10.09.2019 Naturgy Renovables S.L.U. solicitou á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais a autorización administrativa previa e de construción, a aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico), de conformidade co artigo 39 da Lei 8/2009, do 22 de decembro. Xunto coa solicitude achega a correspondente documentación técnica.





O 25.02.2021 o promotor solicitou unha modificación substancial do parque eólico consistente no cambio de modelo e posición dos aeroxeradores, aumento do número de aeroxeradores (de 4 a 5) mantendo a potencia total e cambio da poligonal e do centro de transformación. O 14.05.2021 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais notificálle a admisión a trámite da modificación solicitada.

Tras a modificación proposta, as características principais do proxecto son as seguintes:

- Número de aeroxeradores: 5
- Modelo previsto: Siemens Gamesa SG155–6.0 (ou modelo similar)
- Potencia nominal unitaria: 6 MW limitados a 4 MW.
- Potencia total instalada: 20 MW.
- Altura de buxa: 122,5 m.
- Diámetro do rotor: 155 m.
- Orzamento (execución material): 20.991.893,64 €
- Prazo estimado execución: 6 meses

De acordo co estudo de impacto ambiental, o proxecto ten por obxecto a execución dun parque eólico de 20 MW de potencia total nos concellos de Cercedo-Cotobade, A Estrada e Forcarei (Pontevedra), composto por 5 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias de cableado, centro de seccionamento e liña de evacuación do parque eólico ata a subestación colectora).


As coordenadas que definen a poligonal do parque eólico obxecto deste proxecto (UTM fuso 29-ETRS 89), son as que se indican a continuación:

| Vértices poligonal | UTM X | UTM Y |
|--------------------|------------|--------------|
| P1 | 548.100,00 | 4.719.900,00 |
| P2 | 550.650,00 | 4.720.200,00 |
| P3 | 552.100,00 | 4.719.800,00 |
| P4 | 552.100,00 | 4.717.400,00 |
| P5 | 548.100,00 | 4.717.400,00 |





No seguinte plano pode verse a poligonal da zona de actuación coa localización dos 5 aeroxeradores:



O proxecto inclúe tamén a obra civil necesaria para a instalación dos aeroxeradores (plataformas, cimentacións e unha zona de acopio de materiais durante a fase de obras), así como a construción dunha torre meteorolóxica e dun centro de seccionamento dende o que parte unha liña de interconexión aérea a 30kV que o conecta coa subestación colectora (SET Quireza), onde se produce un aumento de 30 kV a 220 kV para o seu posterior vertido á rede.

Para dar servizo ao parque eólico Borreiro, está prevista a execución de 2.432 m de novos viais e o acondicionamento de 6.225 m de camiños existentes. A lonxitude das gabias proxectadas paralelas a os viais é de 6.652 m, aproximadamente, e de 458 m as realizadas nos cruces das calzadas e ao longo de camiños e cortalumes existentes.

A liña de interconexión entre o centro de seccionamento e a subestación colectora realizarase en tres tramos subterráneos de 1.021 m e dous tramos aéreos de 7.978 m.

2.-TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE.

2.1.-Resumo da tramitación.

Mediante Resolución do 13.09.2022 da Xefatura Territorial de Pontevedra, someteuse a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do parque eólico Borreiro, situado nos concellos de Cercedo-Cotobade, A Estrada e Forcarei, na provincia de Pontevedra.





Dita resolución publicouse no DOG nº 196, do 14.11.2022, na páxina web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e permaneceu exposta ao público no taboleiro de anuncios dos concellos afectados que emitiron o correspondente certificado de exposición pública.

As alegacións recibidas durante o período de información pública foron remitidas á entidade promotora o 20.12.2022.

Durante o período de información pública recibíronse 1058 alegacións (1047 de particulares, 9 presentadas por diversas entidades e asociacións e 2 dos concellos afectados) que foron remitidas ao promotor para que as contestase en defensa dos seus intereses.

O 05.01.2023, recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o expediente de avaliación de impacto ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais como órgano substantivo por razón de materia, para os efectos de tramitación de cara a formular a declaración de impacto ambiental.

2.2.-Análise do expediente.

O expediente contén, entre outra documentación, o Estudo de Impacto Ambiental (EsIA), os anuncios e certificados de exposición pública, as solicitudes de informe dos organismos consultados, os informes emitidos polos mesmos e as alegacións ambientais recibidas durante o período de información pública.

Os organismos consultados que emitiron informe son os seguintes:

1.-O **Instituto de Estudos do Territorio**, informa que á vista do Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP), pode considerarse suficientemente cumprimentado o disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 25 e seguintes do RLPPG.

No seu informe, do 23.11.2022, indica que o principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aeroxeradores sobre a AEIP-07-33 Coto de Codeseda e os miradoiros e os núcleos de poboación máis próximos. Esta incidencia visual, se ben non supón un impacto crítico, non pode ser mitigado con medidas correctoras.

Segundo o artigo 30.3 do RLPPG, estas medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

2.-A **Dirección Xeral de Patrimonio Cultural**, no seu informe, do 24.11.2022, fai unha introdución dos antecedentes e expón as consideracións legais e técnicas, para posteriormente realizar unha análise do estudo de impacto ambiental, resumindo as principais cuestións que se recollen en dito estudo en relación co patrimonio cultural.

Tendo en conta o establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, esta Dirección Xeral, dentro do ámbito das súas





competencias, emite un informe cunha serie de consideracións e condicións a ter en conta previo ao inicio das obras.

Todas as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como na súa contorna de protección ou zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, previa concesión da licenza, o promotor ou o concello deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

3.-A **Dirección Xeral de Patrimonio Natural**, o 18.12.2022 emite un informe no que, tras resumir as principais características do proxecto, expón unha serie de consideracións respecto aos valores naturais da contorna (espazos protexidos, hábitats de interese comunitario, especies ameazadas, vexetación, zonas húmidas, etc).

O proxecto analizado sitúase nunha contorna onde o alto nivel de ocupación podería xerar un efecto sinérxico principalmente de tipo baleiro e/ou barreira sobre a avifauna e os quirópteros, producindo un impacto ambiental crítico sobre o patrimonio natural e a biodiversidade.

En consecuencia, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural informa desfavorablemente á construción do parque eólico Borreiro.

O 26.12.2022, o promotor manifesta a súa intención de levar a cabo unha serie de medidas correctoras e/ou compensatorias coa finalidade de minimizar o potencial impacto sinérxico que puidese ocasionar o parque eólico.

En data 10.01.2023, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural reitera o indicado no seu informe do 18.12.2022 e, polo tanto, emite novamente un informe desfavorable a execución do parque eólico Borreiro.

4.-A **Axencia de Turismo de Galicia**, o 01.12.2022 emite un informe no que tras analizar todos os posibles impactos que o parque puidese xerar, conclúe que, en xeral, o impacto sería de baixa magnitude, tanto na fase de obras coma na de funcionamento, polo que no seu conxunto é asumible sempre que se teñan en conta as consideracións que se indican no seu informe.

5.-A **Dirección Xeral de Emerxencias e Interior**, o 19/09/2022 informa que unha vez revisada a documentación se estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, todo elo sen prexuízo de que, se este proxecto estivera afectado polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o correspondente plan, elaborado por un técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio das obras, por parte da autoridade competente.

6.-A **Dirección Xeral de Saúde Pública**, con data 17.11.2022 emite un primeiro informe no que sinala que o proxecto é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización, polo que de cumprir os estándares establecidos deberíase asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.





E efectúa unha avaliación do proxecto dende o punto de vista da caracterización da poboación en situación de risco, da determinación dos potenciais perigos e da identificación das posibles vías de exposición, concluíndo que a información aportada sobre as repercusións do parque eólico na saúde da poboación é insuficiente, polo que se deberá completar a documentación aportando as consideracións sinaladas neste informe.

O 29.11.2022, recíbese un segundo informe da Dirección Xeral de Saúde Pública no que informa favorablemente condicionado á presentación, con carácter previo ao inicio das obras, da documentación e información dunha serie de aspectos recollidos neste informe.

7.-**Augas de Galicia**, o 31.10.2022 emite un informe no que analiza a documentación, centrándose na descrición do proxecto, na análise dos posibles impactos sobre o medio hídrico e nas medidas correctoras e protectoras propostas.

Conclúe que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos, tendo en conta as medidas protectoras e correctoras sinaladas no informe do organismo de cunca, así como as indicadas na documentación aportada polo promotor e sometida a informe.

8.-**Concello de Cercedo-Cotobade**, o 09.11.2022 emite un informe sobre as afeccións do parque eólico a terreos de titularidade de montes veciñais en man común, a hidroloxía e os bens patrimoniais existentes na zona de actuación. Contestado polo promotor o 23.11.2022.

O 28.11.2022, o concello de Cercedo-Cotobade presenta alegación ao Estudo de Impacto Ambiental do parque eólico Borreiro, enviada ao promotor o 19.12.2022.

9.-**Concello de A Estrada**, o 28.11.2022 emite un informe no que trata aspectos da avaliación ambiental do parque, remitido ao promotor o 19.12.2022.

10.-**Concello de Forcarei**, o 29.11.2022 presenta alegación á Resolución do 13.09.2022 pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do parque eólico Borreiro. O antedito informe foi remitido ao promotor o 19.12.2022 e contestado polo promotor o 22.12.2022.

11.-**Sociedade Galega de Historia Natural**, remite opinión sobre cuestións que son tidas en conta polos órganos competentes, e quedan atendidas co cumprimento do condicionado desta Declaración de Impacto Ambiental.

12.-**Alegacións**, no expediente constan as presentadas por 1.047 particulares, 9 de diversas entidades e asociacións e 2 dos concellos afectados.





3.-PROPOSTA.

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental, e á vista do que se desprende do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural en canto aos efectos acumulativos e sinérxicos sobre as poboacións de aves e quirópteros presentes na área na que se pretende instalar o parque eólico Borreiro, considérase que a actuación proxectada non é ambientalmente viable, polo que se propón formular unha declaración de impacto ambiental desfavorable do proxecto.

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
(asinado electronicamente)

Resolve:

Formular a declaración de impacto ambiental desfavorable do proxecto parque eólico Borreiro, nos termos propostos polo Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do Diario Oficial de Galicia e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e remitiráselle ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

De acordo co artigo 41.4 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte ao acto polo que se autoriza o proxecto.

Santiago de Compostela, (na data de sinatura electrónica)

A Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.
María Sagrario Pérez Castellanos (asinado electronicamente)

